



Martes, 16 de setembro do 2014

O IX ciclo de mesas redondas 'Escritoraes na Universidade' celebrarase baixo este lema

Como escribir o futuro?

As sesións sobre creación literaria a cargo de destacados autores comezarán o mércores

M^a del Carmen Echevarría | Vigo

A Facultade de Filoloxía e Tradución abrirá as súas portas un ano máis, non só ao alumnado universitario, senón tamén ao público en xeral para ofrecerlles a oportunidade de escoitar a un grupo de autores e autoras analizando algunhas das cuestións que máis interese suscitan no ámbito literario. Con esta filosofía o ciclo de mesas redondas *Escritoraes na Universidade* chega este outono a súa novena edición, na que ao longo de tres sesións abordaranse cuestións relacionadas coa creación literaria, da man dos narradores Leticia Costas e Manuel Portas, os poetas Rosalía Fernández e Samuel L. Paris e os dramaturgos Celso Fernández e Paula Carballeira. "Neste IX ciclo de mesas redondas propómonos encarar algunhas das principais preguntas que o mundo contemporáneo se formula en relación coa creación literaria nos seus distintos xéneros", explica a escritora e docente da Universidade de Vigo Rexina Vega, que asegura que nesta edición "queremos saber cal é a resposta que desde o sistema literario galego se está a dar aos principais desafíos".

Organizado pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega en colaboración coa Secretaría xeral de política lingüística e a Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo, o ciclo estrutúrase en tres mesas redondas correspondentes a cadanseu xénero literario, que se celebrarán os días 17 e 24 de setembro, no caso da narrativa e a poesía e o 8 de outubro no do teatro.

Da novela contemporánea ás novas linguaxes na oralidade

Ficción ou dicción? Como escribir unha verdadeira novela contemporánea? Baixo este título celebrarase este mércores 17 de setembro a primeira das mesas redondas do ciclo na que os narradores Leticia Costas e Manuel Portas serán os protagonistas. A autora de *Unha estrela no vento* e o autor de *Denso recendo a Salgado*, debaterán a partir das 13.00 horas no salón de actos da Facultade de Filoloxía e Tradución sobre o peso da pura ficción ou, por el contrario, do trasunto biográfico e documental como camiño para a novela.

O 24 de setembro será o momento para a poesía. Co título *E que faremos do lirismo? A pantasma da poesía dos oitenta*, Rosalía Fernández Rial e Samuel L. Paris "afondarán no na concepción do lirismos como un elemento ante o que reaccionan as novas xeracións e que pon en cuestión os seus maiores", explica Rexina Vega.

A nova edición do ciclo rematará o 8 de outubro coas reflexións sobre novas linguaxes e tendencias escénicas a cargo de Celso Fernández e Paula Carballeira. Co título *Contar ao carón da lareira en tempos dixitais. Existen novas linguaxes na oralidade?* os autores e contacontos afondarán en como afecta a linguaxe das novas tecnoloxías ao ámbito da oralidade en Galicia.